

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 11 de xuño de 2024, pola que se resolve o concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo no Servizo Publicacións

Mediante unha resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 13 de marzo de 2024 convocouse o concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo no Servizo de Publicacións.



Vista a proposta de resolución efectuada pola comisión de méritos con data do 10 de xuño de 2024 e de conformidade co disposto no artigo 3.9 do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 22 de marzo de 2021 polo que se aproban as normas reguladoras das bases xerais para as convocatorias das provisións de postos de traballo polo sistema de concurso de méritos no Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Facer público o posto adxudicado definitivamente á funcionaria que se detalla no anexo, así como o posto liberado.

Segundo. Os prazos para efectos de cesamento e toma de posesión serán os establecidos na base sétima da Resolución da Presidencia do 13 de marzo de 2024 pola que se anuncia a convocatoria e se aproban as bases para a provisión, polo sistema de concurso, dun posto de traballo do corpo administrativo no Servizo de Publicacións, e empezarán a computarse a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución.

Terceiro. Publicar esta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.

Cuarto. Comunicarlle esta resolución ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para a súa execución. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer demanda, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ante o Xulgado do Social de Santiago de Compostela, de conformidade co establecido no artigo 10.4.a) en relación co artigo 6.2.d) da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, e no artigo 69 da mencionada lei, na redacción dada pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2024.

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

ANEXO

Posto adxudicado:

Nº	Denominación	Grupo	Corpo	Nivel	C.E.	Adxudicataria	NIF
AP48	Administrativa/o	C	Administrativo	18	19.803,98 €	Blanco Vázquez, Rita María	***5574**

Posto liberado:

Nº	Denominación	Grupo	Corpo	Nivel	C.E.
AP25	Administrativa/o	C	Administrativo	20	18.008,06 €

